

FAMILIA

INCLUSIÓN SOCIAL

MAIORES E PERSOAS
CON DEPENDENCIA

XUVENTUDE E
VOLUNTARIADO

ACTUALIDADE

- Política Social abre o prazo de solicitudes para que a mocidade participe no programa de mobilidade transnacional Galeuropa que permitirá realizar prácticas formativas en 31 países europeos.
- Rey Varela presenta a campaña de verán “máis ambiciosa e inclusiva” dos últimos anos que porá á disposición dos mozos galegos máis de 9.000 prazas.
- A directora xeral de Xuventude presenta o programa Iniciativa Xove que permitirá desenvolver arredor de 140 proxectos de educación non formal.
- Publícase a orde de subvencións para entidades locais e de acción voluntaria que permitirá a execución de 160 proxectos de voluntariado en 2016 con 800 persoas implicadas.



NORMATIVA

Normativa DOG

Normativa CCAA

Normativa BOE

Normativa UE

PUBLICACIONES

Catálogo de publicacións na web



ESTATÍSTICAS

- Indicadores de cohesión social - xuventude.
- Enquisa de poboación activa 1º trimestre de 2016.

ALERTAS

- Alerta bibliográficas.
- Enderezos de interese.
- Novidades editoriais da Consellería.

Parte da información é tomada do Portal Xunta.es, susceptible de reutilización.



© Xunta de Galicia. 2016. BdB. Boletín de
Bienestar, 2016

Edita: <https://libreria.xunta.gal/gl>
Consellería de Política Social, Secretaría Xeral Técnica, Subdirección Xeral
de Coordinación Administrativa, Sección de Publicacións e Estatísticas

URL:
Esta obra distribúese cunha licenza CC-Atribución.CompartirIgual 4.0
España de Creative Commons. Para ver unha copia de licenza, visite:
https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.es_ES

Coordinación: Pepa Dabán Royo.
Maquetación: Antonio Lameiro Ces.
ISSN: 2445-1932

Editorial

Este novo número do boletín dedicámolo principalmente ás políticas públicas de xuventude reivindicando ese papel activo que a mocidade debe xogar segundo o modelo da teoría das necesidades e que comporta compromiso social, promoción do cambio e transición á vida adulta.

As numerosas novas relacionadas coa programación que a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado está levando a cabo,

lévanos a dar a coñecer de forma conxunta todas as convocatorias de premios e axudas, de novas campañas e, en fin, de proxectos que se están a desenvolver arredor da xuventude e do voluntariado.

E é a través destas políticas como a mocidade galega adquire un papel protagonista e participativo que dá sentido a esa atención específica que necesita para a súa aprendizaxe social, a súa participación e a construción do seu proxecto vital.



O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, acompañado pola directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez, presentou hoxe en San Lázaro a Campaña de verán 2016. Autor: Xoán Crespo

Rey Varela presenta a campaña de verán “máis ambiciosa e inclusiva” dos últimos anos que porá á disposición dos mozos galegos máis de 9.000 prazas

- ▶ A través desta iniciativa, a Xunta beneficiará a xuventude “a través da súa participación en múltiples actividades cun compoñente de educación non formal no ámbito do ocio e o tempo libre, á vez que se facilita a conciliación da vida familiar e laboral das familias galegas durante a época estival”
- ▶ A campaña de 2016 supón un incremento do 6% en prazas e do 9% en orzamento respecto ao ano 2015 cando se puxeron á disposición dos rapaces un total de 8.530 prazas cun investimento de 2.428.430 euros
- ▶ Asegura que as medidas para a asignación das prazas garanten que “a inclusión social dos mozos e das mozas con dificultades sexa unha realidade ao tempo que se favorece a interacción e a convivencia entre a mocidade”
- ▶ A Campaña de verán 2016 contará con 305 prazas reservadas para colectivos como os de discapacidade, menores tutelados ou fillos e fillas de mulleres vítimas de violencia de xénero, un 12% máis que en 2015

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2016.- O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, acompañado pola directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez, presentou en San Lázaro a Campaña de verán 2016 coincidindo co día en que se publican as ordes da convocatoria da programación. Alí asegurou que a través desta iniciativa, a Xunta beneficiará a xuventude “a través da súa participación en múltiples actividades cun compoñente de

educación non formal no ámbito do ocio e o tempo libre, á vez que se facilita a conciliación da vida familiar e laboral das familias galegas durante a época estival”. O responsable da área social aseverou que a campaña deste 2016 supón “a máis ambiciosa e inclusiva” dos últimos anos” ao ofertar aos mozos e mozas de Galicia un total de 9.046 prazas cun investimento global de 2.645.420 euros, o que supón un incremento do 6% en prazas e do 9% en orzamento respecto

<http://xuventude.xunta.es/uploads/docs/acciondeveran/2016/Campamentos16.pdf>



ao ano 2015 cando se puxeron á disposición dos rapaces un total de 8.530 prazas cun investimento de 2.428.430 euros.

A Campaña de verán de 2016, como indicou o conselleiro estruturase en torno a cinco eixes fundamentais que son os campamentos de verán, a oferta concertada, as actividades para maiores de 18 anos, os campos de traballo, así como as actividades para mozos e mozas descendentes de galegos residentes no exterior. Na súa intervención, o conselleiro salientou a importancia da inclusión daqueles menores que se atopan nunha situación de dificultade nesta nova convocatoria. Así lembrou que os mozos e mozas con discapacidade, calquera que sexa o seu grao, “poderán presentar a súa solicitude de participación ben polo procedemento xeral, ou ben a través das prazas reservadas de inclusión, permitindo a súa participación en condicións de igualdade”.

Do mesmo xeito, o conselleiro recordou que os menores en situación de tutela ou en garda pola Administración que se atopan en acollemento residencial tamén poderán participar nesta convocatoria ao optar ás 100

prazas das que dispón a Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica. Ademais, como novidade, aqueles que non acaden praza reservada poderán participar no sorteo xeral en igualdade de condicións cos outros mozos. En total, a Campaña de verán 2016 contará con 305 prazas reservadas para colectivos como os de discapacidade, menores tutelados ou fillos e fillas de mulleres vítimas de violencia de xénero, un 12% máis que en 2015 cando contaba con 272 prazas. O obxectivo destas medidas, dixo o titular de Política Social, é que “a inclusión social dos mozos e das mozas con dificultades sexa unha realidade ao tempo que se favorece a interacción e a convivencia entre a mocidade”.

Máis prazas en todos os campamentos

Segundo informou o conselleiro na rolda de prensa que tivo lugar en San Lázaro, grazas á nova convocatoria da Campaña de verán e ao incremento do investimento, tamén “medran as prazas destinadas aos campamentos de verán, aos campos de traballo, ás actividades para mozos e mozas

descendentes de galegos residentes no exterior e mantéñense as prazas para as actividades para maiores de 18 anos”.

Os campamentos de verán porán á disposición dos mozos e mozas galegos de entre 9 e 17 anos numerosas actividades de carácter cultural, ambiental, deportivo ou voluntariado. En total serán 6.205 prazas o que supón un incremento do 16,75% respecto a 2015.

<http://xuventude.xunta.es/accion-de-veran.html>



http://www.xunta.es/dog/Publicados/2016/20160408/AnuncioG0425-010416-0002_gl.pdf

A Dirección Xeral de Xuventude pon á disposición da mocidade máis de 950 prazas para participar en campos de traballo en Galicia, no resto de España e no estranxeiro

- ▶ **Constitúen unha excelente ferramenta de educación non formal para a mocidade, xa que engloban experiencias de participación, de voluntariado e de mobilidade**
- ▶ **O prazo de presentación de solicitudes abrírase o venres 22 de abril**
- ▶ **Os campos enmárcanse na Campaña de Verán da Consellería de Política Social, na que se investirá 2,6 millóns de euros.**

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2016.- A Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, abriu o día 22 o prazo de inscrición nos campos de traballo da Campaña de Verán da Consellería de Política Social. Os mozos e mozas galegos poderán escoller entre participar nos campos de traballo que se organizan en Galicia, ou ben ir aos que se celebran noutras comunidades españolas ou en 31 países de Europa, Asia, África e América.

Os campos de traballo constitúen unha excelente ferramenta de educación non formal para a mocidade, xa que engloban experiencias de participación, de voluntariado e de mobilidade. Son accións voluntarias, que os mozos e mozas realizan de xeito altruísta e solidario, poñendo o seu gran de area para mellorar a nosa sociedade. Tamén promoven a participación e implicación da xuventude na sociedade, afondando en materias do seu interese e abríndolles novos camiños para a súa realización persoal. Así mesmo, fomentan a mobilidade, pois ofrecen aos rapaces e rapazas a oportunidade de tomar parte en campos doutras comunidades e países, polo que participar nesta oferta de mobilidade e de intercambio de experiencias, axuda ao desenvolvemento de valores de convivencia, tolerancia ou o traballo en equipo.

A Consellería de Política Social organiza un total de 24 campos

de traballo na comunidade nos meses de verán, que terán lugar en Outes, A Laracha, Ponteceso, Boqueixón, Rois, Betanzos, Curtis, Vedra, Ribeira, Coirós, Folgoso do Courel, Portomarín, Becerreá, Pantón, Quiroga, Xermade, Muíños, Celanova, Vilamarín, Ourense, A Peroxa, Illas Cies (4 quendas), Cotobade e Vilanova de Arousa.

Este ano Galicia conta con 958 prazas para que participen rapaces e rapazas de entre 18 e 30 anos en campos de traballo, das que 370 son de envío a outras comunidades autónomas

(120 prazas) e a outros países (250 prazas) e 588 de acollida, nos campos que organiza a nosa comunidade. Con estes datos, Galicia é a comunidade española con máis prazas en campos de traballo.

Os campos de traballo enmárcanse dentro da Campaña de Verán 2016 que organiza a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado. Esta campaña é a máis inclusiva e importante dos últimos anos no que se refire a número de prazas ofertadas. En total, son 9.046 as prazas que se ofrecen, o que significa incrementar nun 6% as prazas dispoñibles no ano pasado.

Ademais destes campos, a campaña de verán inclúe albergues, campamentos e actividades de ocio e tempo libre para a mocidade. A Consellería de Política Social destina un

orçamento de 2,6 millóns de euros a esta campaña.

Cómpre destacar que outro dos aspectos positivos da campaña está no impulso ao emprego que leva aparelhada. Grazas ao desenvolvemento destas actividades, as empresas de ocio e tempo libre de Galicia darán traballo a máis de 900 monitores/as e directores/as de campamentos.

Os interesados e interesadas nesta campaña, xa poden consultar toda a información relativa á mesma en:

<http://xuventude.xunta.es>



<http://xuventude.xunta.es/uploads/docs/acciondeveran/2016/Actividades-18.pdf>



O DOG publica a orde pola que se ofertan 220 prazas en residencias xuvenís para estudantes de entre 16 e 30 anos

Lugo, 27 de abril de 2016.-

A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez, desprazouse ata Lugo para coñecer as instalacións do Centro residencial xuvenil LUG dependente da Consellería de Política Social, que oferta 74 prazas para o vindeiro curso escolar no marco da Orde do 18 de abril de 2016 que se publicou no Diario Oficial de Galicia.

En total, nas tres residencias da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, ofértanse 220 prazas: 74 no centro residencial xuvenil LUG en Lugo, 55 na residencia xuvenil Florentino López Cuevillas de Ourense e 91 na residencia xuvenil Altamar de Vigo.

As prazas destas residencias xuvenís poden optar mozas e mozos de entre 16 e 30 anos que estean estudando durante o curso académico, mais tamén se reservan un 9% das prazas para traballadores. Como novidade este ano, tamén se reserva outro 9% das prazas para vítimas da violencia de xénero ou para fillos e fillas cuxas proxenitoras a sufrisen.

Para os estudantes, os requisitos para optar a unha destas prazas son os de cursar ciclos formativos de grao medio, de bacharelato, de ciclos formativos de grao superior, estudos universitarios ou estudos superiores en ensinanza artística; e que no concello onde radique a súa residencia familiar non exista oferta de centros públicos para realizar o curso, nivel ou grao correspondente aos estudos que vaia cursar o solicitante.

No caso das prazas reservadas para traballadores, os requisitos específicos son que o lugar de traballo teña o enderezo nun concello distinto ao lugar de residencia habitual da persoa solicitante, con contrato cunha duración mínima de 3 meses

a contar dende a data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes. No caso de ser unha persoa traballadora autónoma por conta propia, será necesario que estea dada de alta no réxime de traballadores autónomos da Seguridade Social, con anterioridade á publicación da convocatoria.

Para a adxudicación de prazos, os baremos xenéricos son a antigüidade na residencia; a renda da unidade familiar; a situación de familia numerosa; a condición de orfandade; discapacidade de calquera membro da unidade familiar; a residencia, segundo sexa dentro ou fóra de Galicia; no caso de mulleres estar en estado de xestación; ter un irmán con praza renovada na residencia; ter a condición de familia monoparental; e a situación laboral de desemprego sen prestación económica dos pais.

As 220 prazas ofrécense en réxime de internado, o que inclúe aloxamento e manutención. Ademais, nas residencias ofrécense unha serie de actividades convivenciais e educativas, a través das que se intenta fomentar os valores sociais, culturais e deportivos dos residentes.

O período máximo de estadia das persoas beneficiarias será de 11 meses e estará comprendido entre o 1 de setembro de 2016 e o 31 de xullo de 2017. A cota mensual a pagar por cada estudante residente será de 324 euros por mes no caso de cuarto dobre, e de 250 euros por mes no caso de cuarto cuádruplo.

O prazo de presentación das solicitudes é de 15 días hábiles a contar dende o día seguinte da publicación da orde no Diario Oficial de Galicia. Os/as interesados/as poderán atopar toda a información en <http://xuventude.xunta.es>.

- ▶ **A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez, visitou a residencia LUG na capital lucense, que oferta 74 prazas**
- ▶ **Ofrécense en réxime de internado, o que inclúe aloxamento e manutención. Ademais, nas residencias desenvólvense actividades convivenciais e educativas, a través das que se intenta fomentar os valores sociais, culturais e deportivos dos residentes**
- ▶ **O período máximo de estadia das persoas beneficiarias será de 11 meses e estará comprendido entre o 1 de setembro de 2016 e o 31 de xullo de 2017. A cota mensual que debe pagar cada estudante residente será de 324 euros por mes no caso de cuarto dobre, e de 250 euros por mes no caso de cuarto cuádruplo**

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2016/20160427/AnuncioG0425-190416-0001_gl.pdf



<http://xuventude.xunta.es/albergues-e-residencias.html>



http://xuventude.xunta.es/uploads/docs/albergues_residencias/residencias_xuvenis-2015.pdf



A directora xeral de Xuventude presenta o programa Iniciativa Xove que permitirá desenvolver arredor de 140 proxectos de educación non formal

- ▶ O programa, pioneiro no Estado, aposta por ceder o protagonismo á mocidade a través da estimulación do liderado, a creatividade e o talento xuvenil
- ▶ A Xunta de Galicia inviste na iniciativa preto de 550.000 euros en 2016 e como novidade, o orzamento máximo por proxecto é de 5.000 euros
- ▶ O prazo para a presentación de proxectos rematou o 4 de abril.

Ourense, 9 de marzo

de 2016.- A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez Suárez, presentou na delegación territorial da Xunta de Galicia en Ourense, o programa Iniciativa xove de participación xuvenil. Trátase dunha iniciativa de educación non formal pioneira a nivel de todo o Estado "no que a Administración non lle indica aos mozos e mozas o que teñen que facer, senón que lles pide propostas para despois apoialas co propósito de estimular o liderado, a creatividade e o talento xuvenil", explicou Cecilia Vázquez. Iniciativa Xove permitirá o desenvolvemento de 140 proxectos nos que participarán máis de 700 rapaces e rapazas.

Esta iniciativa contará en 2016 cun investimento de 547.364,95 euros, un orzamento dirixido tanto a asociacións xuvenís como a grupos informais de mozos e mozas. O programa está concibido como un instrumento para que a mocidade poida demostrar a súa capacidade para organizar, emprender e impulsar actividades nas que os actores principais son eles mesmos. Así, grazas á axuda económica da Xunta de Galicia, "este programa permite financiar o cen por cento dos proxectos presentados. O orzamento máximo por proxecto é de 5.000 euros e esta é unha das novidades da Orde deste ano, xa que ata o de agora, o límite financeiro estaba en 4.000 euros", afirmou a directora xeral. O prazo de presentación de

proxectos rematou o 4 de abril.

Todas as entidades e grupos beneficiarios, recibirán un anticipo do 80% sobre o total da cantidade concedida. Unha medida que evita que a posible falta de liquidez das persoas novas constitúa un impedimento para a posta en marcha das súas ideas.

Unha vez finalizados os proxectos, os participantes poden obter un certificado oficial de experiencias de educación non formal en materia de xuventude, como instrumento que permite confirmar a participación nos programas de educación non formal.

As políticas máis modernas e innovadoras en materia de Xuventude en toda Europa teñen

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2016/20160303/AnuncioG0425-240216-0001_gl.pdf



como nexos de unión a educación non formal como medio para mellorar as competencias curriculares dos mozos e mozas. Así, Iniciativa xove representa o compromiso da Xunta de Galicia coa educación non formal, como ferramenta para estimular o protagonismo da xuventude e o talento dos líderes do futuro, tal e como recolle a primeira Lei de xuventude de Galicia.

Ademais, nesta lexislatura, culmínase o proceso iniciado en 2010, que permitiu a renovación total dos programas da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado. Con este cambio do marco de traballo, Iniciativa Xove permitiu a organización dun total de 1.007 proxectos

xuvenís que foron realizados de xeito directo por máis de 5.000 mozos e mozas. "Isto significa un investimento en educación non formal de 3.700.000 euros entre o ano 2010 e o ano 2015", afirmou Cecilia Vázquez.

Nos últimos anos a Administración autonómica puxo en marcha proxectos pioneiros a nivel de todo o Estado, que facilitan aos mozos e mozas a adquisición de coñecementos, habilidades e aptitudes que aumentan as súas posibilidades de empregabilidade, como ademais os de Iniciativa Xove, os programas Erasmus +, Voluntariado xuvenil, Galeuropa, Campaña de verán e Deseñando o teu futuro.

<http://xuventude.xunta.es/iniciativa-xove.html>



iniciativa xove

A Xunta de Galicia publica a orde da convocatoria do programa de educación non formal Deseñando o teu futuro

<http://xuventude.xunta.es/iniciativa-xove.html>



http://www.xunta.es/dog/Publicados/2016/20160418/AnuncioG0425-060416-0005_gl.pdf



Santiago de Compostela,

18 de abril de 2016.- A Xunta de Galicia publicou no Diario Oficial de Galicia a orde de convocatoria do programa Deseñando o teu futuro, unha iniciativa de educación non formal da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Consellería de Política Social.

A finalidade das axudas é financiar os proxectos dirixidos a que os mozos e as mozas de entre 14 e 18 anos, realicen estadias-visitas non remuneradas en empresas radicadas na Comunidade Autónoma de Galicia, para que adquiran competencias, habilidades e cualificacións que complementen

o seu desenvolvemento persoal e a súa formación.

Deseñando o teu futuro é un programa piloto de aproximación da mocidade galega ao ámbito sociolaboral mediante o desenvolvemento de estadias-visitas tutorizadas en distintos sectores das empresas, facilitando así unha experiencia que lle permita decidir a súa traxectoria formativa profesional.

Poderán presentar proxectos as entidades sen ánimo de lucro, con sede permanente ou domicilio social en Galicia que presten servizos á xuventude e os concellos, agrupacións de concellos ou mancomunidades galegas validamente constituídas, así como as resultantes da fusión de municipios á que se refire a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

As estadias-visitas en empresas teñen unha duración mínima de cinco días e máxima de quince días hábiles e establécense unha xornada mínima diaria de catro horas. O número máximo de mozos e mozas participantes por proxecto non pode exceder de 30.

A orde está dotada cun orzamento de 67.305 euros, coa seguinte distribución: 42.820 euros para proxectos promovidos por concellos e 24.485 euros para proxectos promovidos por entidades. Está previsto un anticipo do 80% da axuda.

A cantidade subvencionable a cada entidade e concello ou agrupación de concellos calcúlase a razón de 6 euros por participante e día, que irán destinados a cubrir os gastos de manutención e desprazamento do mozo ou da moza, e 100 euros por participante para cubrir os custos derivados da organización das estadias-visitas.

O prazo de presentación de proxectos é dun mes que se conta dende o día seguinte da publicación da orde no Diario Oficial de Galicia.

No marco deste programa no 2015 financiáronse un total de 17 proxectos presentados por concellos e entidades sen ánimo de lucro, que facilitaron que un total de 403 rapaces e rapazas realizasen estadias-visitas en empresas.

A Consellería de Política social celebra o cuarto Ágora Xove baseado no diálogo intercultural, na cohesión social e no respecto pola diversidade

http://xuventude.xunta.es/uploads/novas/2016/marzo2016/AGORA_XOVE.pdf

Vigo, 14 de abril de

2016.- A Biblioteca Central da Universidade de Vigo acolleu o cuarto ÁgoraXove, un novo programa da Consellería de Política Social para fomentar e consolidar o protagonismo dos mozos e mozas a través da creación de foros que faciliten a súa participación na vida social, económica e cultural. A temática e o programa de actividades de cada un dos foros está deseñado en función das particularidades

sociais, económicas e culturais do ámbito territorial no que se desenvolva. Deste xeito, o ÁgoraXove de Vigo contou cunha temática baseada no diálogo intercultural, a cohesión social e o fomento do respecto pola diversidade. O obxectivo era tratar de romper cos estereotipos, estigmas sociais, prexuízos e discriminacións, ademais de amosar outras realidades sociais presentes na nosa contorna.



Política Social abre o prazo de solicitudes para que a mocidade participe no programa de mobilidade transnacional Galeuropa que permitirá realizar prácticas formativas en 31 países europeos

- ▶ **As axudas concederanse directamente de xeito individual ou ben mediante concesión de axudas a proxectos de mobilidade de entidades sen ánimo de lucro ou concellos**
- ▶ **Estas prácticas poderán realizarse en calquera empresa ou entidade pública ou privada dos seguintes países: Lituania, Hungría, Letonia, Estonia, Turquía, República Checa, Croacia, Eslovenia, Bulgaria, Romanía, Portugal, Eslovaquia, Malta, Grecia, Bélxica, Luxemburgo, Chipre, Alemaña, Austria, Países Baixos, Italia, Polonia, Francia, Islandia, Suecia, Finlandia, Liechtenstein, Irlanda, Reino Unido, Dinamarca e Noruega**
- ▶ **O programa está dirixido a mozos e mozas menores de 30 anos e a duración das prácticas formativas será de dous a catro meses consecutivos**
- ▶ **A orde de convocatoria publicada no Diario Oficial de Galicia o pasado venres 8 de abril enmárcase dentro do Programa operativo de emprego xuvenil cofinanciado pola Iniciativa de emprego xuvenil e o Fondo Social Europeo e está dotada con 2.034.074,76 euros.**

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2016.- A Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Consellería de Política Social vén de abrir o prazo de solicitudes para participar no programa de mobilidade transnacional xuvenil Galeuropa. Esta iniciativa permitirá que os mozos e mozas menores de 30 anos poidan realizar prácticas formativas non retribuídas en empresas e entidades públicas ou privadas de 31 países europeos para complementar a súa competencia profesional e persoal, incrementando así as súas posibilidades de inserción laboral.

A través de programas como Galeuropa, a Xunta de Galicia pretende promover e axudar a financiar a mobilidade da mocidade galega para que realice estadias de prácticas formativas non remuneradas en entidades e empresas públicas ou privadas de países europeos. As axudas concederanse directamente de xeito individual ou ben mediante concesión de axudas a proxectos de mobilidade de entidades sen ánimo de lucro con sede permanente ou domicilio social en Galicia que desenvolvan actividades no eido da xuventude

ou proxectos de concellos, agrupacións de concellos ou mancomunidades da Comunidade Autónoma de Galicia.

As prácticas formativas non retribuídas poderán realizarse en calquera empresa ou entidade pública ou privada dos seguintes países: Lituania, Hungría, Letonia, Estonia, Turquía, República Checa, Croacia, Eslovenia, Bulgaria, Romanía, Portugal, Eslovaquia, Malta, Grecia, Bélxica, Luxemburgo, Chipre, Alemaña, Austria, Países Baixos, Italia, Polonia, Francia, Islandia, Suecia, Finlandia, Liechtenstein, Irlanda, Reino Unido, Dinamarca e Noruega.

A orde de convocatoria publicada no Diario Oficial de Galicia o 8 de abril enmárcase dentro do Programa operativo de emprego xuvenil cofinanciado pola Iniciativa de emprego xuvenil e o Fondo Social Europeo e está dotada con 2.034.074,76 euros, coa seguinte distribución de créditos: 957.949,37 euros para as axudas de mobilidade individuais de mozos e mozas, 772.689,60 euros para a concesión de proxectos presentados por entidades sen ánimo de lucro e 303.435,79 euros para a concesión de

proxectos presentados por concellos, agrupacións de concellos ou mancomunidades da Comunidade Autónoma de Galicia validamente constituídas, así como as entidades resultantes da fusión de municipios á que se refire a Lei de Administración local de Galicia. Todas as axudas teñen previsto un anticipo do 80% do importe da achega concedida.

Poderán participar neste programa de mobilidade os mozos e mozas inscritos no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia que cumpran coa condición de beneficiarios menores de 30 anos. Nas axudas individuais os destinatarios son maiores de 18 anos, mentres que nos outros dous procedementos poden participar mozos a partir dos 16, a criterio das entidades. Así mesmo, cómpre destacar que poderán participar nesta convocatoria os mozos e mozas que xa participaron en edicións anteriores neste programa.

Para ser beneficiarios do Sistema nacional de garantía xuvenil débense cumprir os seguintes requisitos: non ter traballado nos trinta días naturais anteriores ao momento de recibir a actuación e non ter recibido accións educativas que comporten máis de 40 horas mensuais nos 90 días naturais anteriores ao

momento de recibir a actuación. No caso de que se trate dunha finalización da participación no sistema educativo, considerase que o requisito anterior queda suxeito a non ter recibido accións educativas que comporten máis de 40 horas mensuais nos últimos 30 días naturais e non ter recibido accións formativas que comporten máis de 40 horas mensuais nos 30 días naturais anteriores ao momento de recibir a actuación.

A contía da axuda por beneficiario darase en función do país de realización da práctica formativa e en función da súa duración. O importe da axuda total inclúe unha axuda para os gastos de aloxamento e manutención e axuda para a viaxe. E para os proxectos de mobilidade promovidos polos concellos e entidades sen ánimo de lucro prevese unha axuda para o apoio dos aspectos organizativos e a execución do proxecto.

O prazo de solicitudes será dun mes dende o día seguinte á publicación da orde de axudas no Diario Oficial de Galicia. A duración das prácticas formativas será de dous a catro meses consecutivos.

Principais novidades

As principais novidades do programa Galeuropa 2016 respecto da convocatoria anterior

<http://xuventude.xunta.es/uploads/docs/galeuropa/2016/tripticoGaleuropa.pdf>



son as seguintes: ampliación da idade máxima dos mozos para poder participar, pasando de menores de 25 anos a menores de 30, a habilitación dunha axuda para a entidade de acollida no país de realización das prácticas e a ampliación da duración da estadía, pasando dun máximo de tres a catro meses.

A finalidade do programa de mobilidade transnacional xuvenil é reforzar a empregabilidade e as competencias profesionais dos mozos non ocupados e non integrados nos sistemas de educación ou formación, contribuíndo á mellora da súa formación mediante a adquisición de experiencia profesional para a

súa incorporación ao mercado de traballo, ao tempo que se apoia a adquisición de competencias en idiomas estranxeiros.

De conformidade co Plan de emprego xuvenil, a mobilidade, tanto nacional como europea, pode constituír un elemento fundamental na formación dos mozos e mozas, tanto pola experiencia adquirida como polo apoio que pode supoñer na aprendizaxe dun idioma estranxeiro. Desta maneira, a experiencia laboral no estranxeiro pode achegar un valor engadido á formación permanente dos mozos e á súa traxectoria profesional e proporcionarlle máis oportunidades de emprego.

<http://xuventude.xunta.es/2016040818900/programa-de-mobilidade-transnacional-xuvenil-galeuropa-2016.html>



http://www.xunta.es/dog/Publicados/2016/20160408/AnuncioG0425-280316-0001_gl.pdf



Galicia sitúase entre as rexións con máis proxectos aprobados e maior participación no programa europeo Erasmus+: Xuventude en Acción

Santiago de Compostela, 24 de marzo de 2016.- Galicia continúa a ser unha das rexións máis activas no número de proxectos presentados e aprobados, nos fondos recibidos da Unión Europea (UE) e no número de mozos e mozas participantes no programa Erasmus+: Xuventude en Acción, en concreto, no tocante a programas de mobilidade e aprendizaxe non formal. Así se pon de manifesto no balance actualizado de proxectos aprobados no que vai de ano ao abeiro deste programa europeo que coordina a Xunta de Galicia a través Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.

Deste xeito, na primeira quenda de 2016 do Erasmus+: Xuventude en Acción foron aprobados na nosa Comunidade Autónoma un total de 16 proxectos promovidos por concellos, grupos informais de mozos e mozas e entidades sen ánimo de lucro cun orzamento superior aos 220.000 euros no seu conxunto nalgunha das tres accións clave en que se estrutura este programa: mobilidade das persoas por motivos de

aprendizaxe; cooperación para a innovación e o intercambio de boas prácticas; e apoio ás reformas das políticas. O prazo de presentación de proxectos da segunda e terceira quenda de 2016 nestas tres accións clave son o 26 de abril e o 4 de outubro, respectivamente. Non obstante, na acción clave 2 os proxectos de apoio á innovación só se poderán presentar na quenda do 26 de abril.

Erasmus+ é o programa da Unión Europea para a educación, a formación, a xuventude e o deporte que está en vigor dende o 1 de xaneiro de 2014 ata o 31 de decembro de 2020. Esta iniciativa fomenta a mobilidade dentro e fóra dos límites da Unión Europea, a aprendizaxe non formal e o diálogo intercultural. Así mesmo, tamén favorece a empregabilidade e a inclusión de todos os mozos e mozas con independencia do contexto social, educativo ou cultural ao que pertencan. Máis polo miúdo, o capítulo de Xuventude do Erasmus+ brinda apoio para que os mozos e mozas adquiran habilidades esenciais para o seu

desenvolvemento persoal e profesional mediante a educación non formal, posibilita ás persoas que traballan no ámbito da xuventude e aos mozos e mozas maiores oportunidades de mobilidade por motivos de aprendizaxe, potencia a dimensión internacional das actividades xuvenís e o papel dos traballadores e organizacións no eido da xuventude como estruturas de apoio á mocidade.

Neste sentido, a Comisión Europea reconece a experiencia e coñecementos a través da educación non formal durante o desenvolvemento dos proxectos financiados por Erasmus+: Xuventude en Acción, mediante o certificado Youthpass. Así mesmo, a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, ao abeiro da orde do 26 de febreiro de 2015,

concede aos participantes un certificado de educación non formal que dá visibilidade á aprendizaxe adquirida; e se validan as competencias asumidas, contribuíndo así á mellora das posibilidades de emprego da mocidade galega.

No ano 2015 foron aprobados en Galicia no marco de Erasmus+: Xuventude en Acción un total de 38 proxectos nos que participaron 1.263 mozos e mozas e que contaron cun orzamento total de 923.331 euros.

A Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Consellería de Política Social, como parte integrante do programa Erasmus+, leva a cabo funcións de información, asesoramento, avaliación e seguimento de todos os proxectos presentados en Galicia ao abeiro deste programa europeo.



Día Europeo da Información Xuvenil

- ▶ “É o noso deber poñer á disposición da mocidade os elementos necesarios para unha mellor toma de decisións que faga posible a súa plena integración na sociedade”, destaca
- ▶ Salienta a importancia da Rede de información xuvenil, “un servizo público de carácter gratuito e de estrutura territorial que coordina as iniciativas promovidas tanto por organismos públicos como por entidades xuvenís”
- ▶ Pola súa banda, a secretaria xeral de Igualdade apuntou que a mocidade constitúe un grupo especialmente vulnerable á violencia de xénero e onde aínda persisten condutas machistas

Santiago de Compostela,

15 de abril de 2016.- O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, inaugurou xornada ‘Xuventude e Igualdade’ organizada pola Xunta de Galicia con motivo do Día Europeo da Información Xuvenil. Na súa intervención o responsable da área social marcou como unha prioridade “concienciar as persoas que traballan coa mocidade sobre a importancia da información para a prevención da violencia de xénero e o acoso, dúas das lacras que a día de hoxe ameazan os nosos mozos”. Neste sentido, o titular de Política Social asegurou que o Goberno galego apoiará os rapaces “nun momento tan importante das súas vidas” e que sempre estará “ao seu carón para axudarlles a exercer a súa liberdade de elección”.

No transcurso do relatorio que tivo lugar no Museo Pedagógico de Galicia (Mupega), o conselleiro subliñou a importancia dunha efeméride como o Día Europeo de Información Xuvenil co que se pretende concienciar sobre a necesidade do acceso á información de toda a xuventude. “É o noso deber poñer á disposición da mocidade os elementos necesarios para unha mellor toma de decisións que faga posible a súa plena integración na sociedade”, engadiu.

Ao fío desta idea salientou a importancia da Rede de información xuvenil, “un servizo público de carácter gratuito e de estrutura territorial que coordina as iniciativas promovidas tanto por

organismos públicos como por entidades xuvenís” e que conta con 248 oficinas locais de información xuvenil (OMIX); 12 espazos xove da Rede galega de centros de Xuventude dependentes da Dirección Xeral; os puntos de información xuvenil dependentes das asociacións e entidades prestadoras de servizos á Xuventude; así como 483 correspondentes xuvenís, que son estudantes voluntarios distribuídos en 83 antenas de información xuvenil. O conselleiro destacou a importancia do papel que cumpren estes correspondentes xuvenís que ademais de informar os seus compañeiros de aula, amizades e coñecidos sobre convocatorias,

recursos e programas xuvenís que poidan ser do seu interese, recollen as súas suxestións para mellorar as iniciativas da Dirección Xeral de Xuventude e outras institucións públicas.

Pola súa banda, a secretaria xeral de Igualdade, Susana López Abella apuntou que a mocidade constitúe un grupo especialmente vulnerable á violencia de xénero. Abella lembrou que actualmente persisten condutas machistas na xuventude. Así, lamentou que un de cada tres mozos considera inevitable ou aceptable nalgunhas circunstancias “controlar os horarios da parella”, “impedir á parella que vexa á súa familia ou amizades”, “non permitir que a parella traballe ou estude” ou “dicirlle as cousas que pode ou non pode facer”. Para a secretaria xeral unha das claves para erradicar calquera forma de violencia, incluída a machista, reside na educación.

Abella destacou a importancia de loitar e non fraquear contra a violencia de xénero, “porque a xuventude de hoxe será a sociedade de mañá, e queremos que

sexa unha sociedade construída sobre a liberdade, a tolerancia e o respecto; unha sociedade que faga fronte á submisión, á desigualdade e á violencia”, indicou.

Xuventude e Igualdade

A xornada sobre xuventude e igualdade está destinada a todas aquelas persoas que teñan contacto directo coa mocidade como poden ser informadores e técnicos de Xuventude, técnicos dos espazos xove, dinamizadores xuvenís, titulados e estudantes do ciclo superior en Animación Sociocultural e Turística, entidades prestadoras de servizos á Xuventude.

O conselleiro de Política Social advertiu que “todas as administracións debemos implicarnos ao máximo en crear unha xuventude libre de violencia e acoso”. Deste xeito lembrou que, entre outras medidas, a Xunta de Galicia vén de incrementar neste 2016 nun 15% os orzamentos da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado ata acadar os 9,4 millóns de euros.



O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, inaugurou da mañá de hoxe a xornada ‘Xuventude e Igualdade’
Autor: Xoán Crespo

O certame Xuventude Crea 2016 premiará o talento dos 40 novos autores de 12 especialidades na “maior manifestación das posibilidades creativas da mocidade galega”

- ▶ A Consellería de Política Social presentou no Consello da Xunta o informe sobre o programa de creatividade xuvenil que premiou con máis de 230.000 euros o talento de 168 mozos e mozas dende o ano 2012.

Ourense, 23 de abril

de 2016.- A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado presentou unha nova edición do certame Xuventude Crea que no ano 2016 contará cun orzamento de 112.778 euros “para premiar o talento de arredor de 40 novos autores de 12 especialidades distintas na maior manifestación das posibilidades creativas da mocidade galega”.

No Espazo Xove de Ourense, Cecilia Vázquez lembrou que Xuventude Crea conta co obxectivo de “fomentar a creatividade xuvenil”. Grazas a este certame, “os mozos e as mozas poden exercitar as súas habilidades, ensaiar solucións innovadoras, valorar o exame crítico das súas obras e outorgarlles visibilidade”, engadiu.

Na convocatoria deste ano poderán participar mozos e mozas galegos ou residentes en Galicia, non profesionais, con idades comprendidas entre os 16 e os 30 anos. Cada unha das especialidades contará con tres premios: o primeiro, de 3.000 euros; o segundo, de 1.500; e o terceiro, de 1.000 euros. O certame ten 12 especialidades: teatro, artes plásticas, fotografía, música, relato breve, poesía, videocreación, banda deseñada, graffiti, moda, deseño de xoias e cociña, sendo esta última a gran novidade xa que esta especialidade nunca formou parte do Xuventude Crea. Salvo no caso das especialidades de teatro, música, banda deseñada e graffiti, a participación será sempre a título individual. Ademais, todas as obras terán que ser en galego, orixinais e inéditas. O xurado estará composto por

profesionais que ocupan postos de decisión en cada un dos sectores implicados no concurso. O prazo de presentación dos proxectos remata o 30 de xuño. As bases do concurso pódense consultar no Diario Oficial de Galicia do venres, 22 de abril de 2016.

Informe no Consello da Xunta

A Consellería de Política Social presentou no Consello da Xunta o informe sobre o programa de creatividade xuvenil Xuventude Crea, que premiou con máis de 230.000 euros o talento de 168 mozos e mozas dende o ano 2012.

O informe presentado establece que, entre 2012 e 2015, o programa Xuventude Crea contou cun orzamento de 361.712 euros, cun total de 984 proxectos presentados e con 168 premiados. A suma do importe dos premios ascende a 236.500 euros. Así mesmo, fíxose entrega de 28 mencións de honra sen dotación económica.

Coa continuidade deste programa, a Xunta de Galicia dá cumprimento ao artigo 9 da Lei 6/2012, do 19 de xuño, de Xuventude de Galicia, xa que se fomenta o espírito emprendedor, potenciando entre a xuventude un sistema de actitudes e preocupacións do que forman parte a iniciativa propia, a responsabilidade, a planificación de obxectivos vitais ou o compromiso entre outros valores. Así mesmo, a través deste e doutros programas, a Administración autonómica adopta accións tendentes a que a xuventude teña facilidades de creación do seu propio posto de traballo.

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2016/20160422/AnuncioG0425-130416-0002_gi.pdf




Corrección de erros:

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2016/20160425/AnuncioG0425-220416-1_gi.pdf



<http://xuventude.xunta.es/xuventude-crea.html>



Nova localización do Centro Coordinador de Información

O Centro Coordinador de Información Xuvenil mudou de local. Pasou de estar 30 anos na Praza do Matadoiro á nova localización na rúa Ramón Piñeiro, nº 17-19, en Santiago de Compostela (fronte ao Parlamento).

O Centro Coordinador de Información Xuvenil é o responsable de coordinar as oficinas locais de información xuvenil de Galicia e os Espazos xove que pertencen a Rede galega de información xuvenil. Atende directamente a mocidade, ben persoalmente, por teléfono ou por correo electrónico.

Desde este centro ofrécense os seguintes servizos:

- Información xeral e especializada sobre programas de Xuventude da Xunta de Galicia

- Expedición dos carnés xove, estudante internacional, xove internacional, alberguista e de profesor.
- Formación no ámbito da xuventude dentro da educación non formal.
- Asesoramento e inscrición no Programa de garantía xuvenil.
- Información e orientación de ofertas de emprego público e privado
- Asesoramento e axuda para a elaboración do currículo
- Asesoramento para participar en procedementos de recoñecemento de competencias profesionais.
- Información sobre programas de mobilidade e programas europeos: Eryca, Eurodesk

- Información e orientación sobre estudos e bolsas.
- Documentación sobre temas xuvenís
- Conversas en inglés dúas veces por semana.
- Participación como correspondente de antenas de información xuvenil.
- Asesoramento afectivo-sexual.
- Asesoramento para constituír unha asociación xuvenil.
- Un espazo de reunión, estudo ou para a elaboración de traballos entre amigos e compañeiros, mediante solicitude previa do local.
- Prensa

- Axuda e asesoramento coa documentación que se teña que entregar na Administración e naquelas demandas que se formulen

- Admisión de propostas e suxestións sobre ofertas de programas que se poderían ofrecer desde a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.

Para máis información de interese, pódese consultar

<https://xuventude.xunta.es>,
<https://www.facebook.com/xuventude.net>; e
<https://twitter.com/xuventude>.

Club de Conversa en Lingua Inglesa

O Club de Conversa en Lingua Inglesa é unha iniciativa do Centro Coordinador de Información Xuvenil dentro do programa O Son das Linguas cuxa finalidade é fomentar os espazos informais de conversa en diferentes linguas. Esta actividade vai dirixida á xente nova con idades comprendidas entre os 18 e os 35 anos.

O Club de Conversa é un espazo gratuito, cun formato aberto e relaxado, para mozos cun nivel B1 (ou superior) de inglés que queren manter ou ampliar os seus coñecementos da lingua a nivel oral.

Os participantes reúnen na aula de formación do Centro Coordinador de Información Xuvenil, en Santiago de Compostela, en grupos reducidos dun máximo de 15 persoas, coa presenza dunha persoa dinamizadora que se encarga dos aspectos organizativos e de propoñer diferentes actividades e temas de discusión.

No Club trátanse temas xerais en forma de debates, diálogos e xogos de rol co obxectivo de que os participantes perdan o medo a falar en inglés, facendo dos “erros” unha oportunidade continua de aprendizaxe. Trabállanse as habilidades orais a través de situacións cotiás, temas de actualidade, vídeos, xogos, etc.

A dinámica é sinxela, a partir dunha actividade, os membros do grupo charlan de xeito espontáneo e exclusivamente en inglés sobre unha gran variedade de temas. As correccións límitanse aos aspectos máis esenciais da pronuncia ou da gramática, en canto que poidan interferir na comunicación, pero se busca sobre todo promover nos participantes unha actitude máis activa e responsable de cara a autoaprendizaxe.

Para inscribirse na actual convocatoria é necesario ter coñecementos de inglés a nivel intermedio ou avanzado. As persoas interesadas poderán solicitar a súa inscrición unicamente nun nivel e nun horario determinado marcando o cadriño correspondente na solicitude de participación:

Horarios nivel intermedio:

- Martes das 17.00 ás 18.00 h,
- Martes das 18.30 ás 19.30 h.

Horarios nivel avanzado:

- Xoves das 17.00 ás 18.00 h,
- Xoves das 18.30 ás 19.30 h.

Información:

Centro Coordinador de Información Xuvenil

Tel. 881997607

Correo electrónico: informacion.traballo@xunta.es

<http://xuventude.xunta.es/2016011117790/clube-de-conversa-en-lingua-inglesa.html>



Publícase a orde de subvencións para entidades locais e de acción voluntaria que permitirá a execución de 160 proxectos de voluntariado en 2016 con 800

<http://www.voluntariadogalego.org/web/index.php?mod=not&ide=2683>



http://www.xunta.es/dog/Publicados/2016/20160328/AnuncioG0425-140316-0002_gl.pdf



Santiago de Compostela, 27 de marzo de 2016. - O 28 de marzo publicouse no Diario Oficial de Galicia a Orde do 11 de marzo de 2016 pola que se regulan as bases das subvencións para entidades de acción voluntaria e entidades locais enmarcadas no programa Servizo de voluntariado xuvenil e procedeuse á súa convocatoria para o ano 2016. O programa Servizo de voluntariado xuvenil é un programa de educación non formal pioneiro en toda España que se inspira no Servizo europeo de voluntariado.

O programa consiste en incorporar ás entidades de acción voluntaria e ás entidades locais inscritas no Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia a mozos e mozas galegos de entre 16 e 30 anos para a súa colaboración como voluntarios na realización dos proxectos das entidades

ao abeiro da orde anual de convocatoria. As áreas prioritarias, -pero non excluíntes- nas que se poden desenvolver os proxectos serán actividades relacionadas co Camiño de Santiago; actividades de recuperación da cultura, arte e tradicións populares galegas; actividades con colectivos en situación de risco; actividades xuvenís; actividades ambientais; actividades relacionadas coa igualdade de xénero; e a posta en marcha de programas de voluntariado no ámbito familiar por parte das entidades.

Serán beneficiarias da Orde as entidades de acción voluntaria e entidades locais de Galicia que estean legalmente constituídas e inscritas no Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia na data de publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia; se ben, tamén poderán solicitar axudas

- ▶ O programa Servizo de voluntariado xuvenil é un programa de educación non formal pioneiro en toda España que se inspira no Servizo Europeo de Voluntariado
- ▶ A principal novidade é que as persoas voluntarias que xa colaboraran en anteriores anos poderán repetir a súa participación nos proxectos que se leven a cabo neste ano e que se desenvolverán entre o 1 de xaneiro e o 15 de outubro
- ▶ Desde o ano 2011 a Xunta de Galicia investiu neste programa máis dun millón e medio de euros, que permitiu que preto de 2.500 mozos voluntarios desenvolvesen 422 proxectos de acción voluntaria de entidades e concellos
- ▶ Neste ano 2016 vense de incrementar o orzamento da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado en materia de axudas nun 5% con respecto ao ano anterior.

1,5 millóns para o Servizo de voluntariado xuvenil

as entidades non inscritas que, na data de publicación da orde no Diario Oficial de Galicia, teñan presentada solicitude de inscrición na sección de entidades do Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia.

O número máximo de mozos e mozas voluntarios por proxecto é de 8, a non ser no caso dunha agrupación de municipios, en cuxo caso pode haber ata 20 voluntarios. Ao finalizar os proxectos, as persoas voluntarias que teñan participado nelas obterán da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado un certificado de experiencias voluntarias, que será depositado no Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia.

A principal novidade da convocatoria deste ano é que as persoas voluntarias que xa tivesen colaborado en anteriores anos poderán repetir a súa participación nos proxectos de acción voluntaria que se leven a cabo neste ano, entre o 1 de xaneiro e o 15 de outubro de 2016.

Desde o ano 2011 a Xunta de Galicia investiu neste programa máis dun millón e medio de euros, que permitiu que preto de 2.500 mozos voluntarios desenvolvesen 422 proxectos de acción voluntaria de entidades e concellos. En 2016 prevense como beneficiarias das axudas 100 entidades de acción voluntaria e 60 entidades locais, que suporían un total de 160 proxectos de voluntariado executados por aproximadamente 800 persoas voluntarias.

Neste ano 2016 vense de incrementar o orzamento da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado en materia de axudas nun 5% con respecto ao ano anterior, ao recuperarse a orde de subvencións para o fomento e a realización de actividades de voluntariado, que tan só irá destinada a entidades de acción voluntaria de carácter privado.

Proxecto Móvete de Dinamización do Voluntariado para nenos e nenas de educación primaria

<http://www.voluntariadogalego.org/web/modulo.php?mod=ppr&ide=205>



Días internacionais

Estes son os principais días internacionais observados actualmente polas Nacións Unidas.

Xaneiro	das Vítimas da Escravitude e a Trata Transatlántica de Escravos	12 de xuño	15 de xullo	21 de setembro	- Día Universal do Neno
27 de xaneiro		- Día Mundial contra o Traballo Infantil	- Día Mundial das Habilidades da Xuventude	- Día Internacional da Paz	25 de novembro
- Día Internacional de Conmemoración Anual en Memoria das Vítimas do Holocausto	Abril	13 de xuño	18 de xullo	Outubro	- Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller
	2 de abril	- Día Internacional de Sensibilización sobre o Albinismo	- Día Internacional de Nelson Mandela	1º de outubro	29 de novembro
Febreiro	- Día Mundial de Concienciación sobre o Autismo		30 de xullo	- Día Internacional das Persoas de Idade	- Día Internacional de Solidariedade co Pobo Palestino
6 de febreiro	6 de abril	14 de xuño	- Día Internacional da Amizade	2 de outubro	
- Día Internacional de Tolerancia Cero coa Mutilación Xenital Feminina	- Día Internacional do Deporte para o Desenvolvemento e a Paz	- Día Mundial do Doador de Sangue	- Día Mundial contra a Trata	- Día Internacional da Non Violencia	Decembro
11 de febreiro	7 de abril	15 de xuño	Agosto	10 de outubro	1º de decembro
- Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia	- Día Mundial da Saúde	- Día Mundial de Toma de Conciencia de Abuso e Maltrato na Vellez	12 de agosto	- Día Mundial da Saúde Mental	- Día Mundial da loita contra a Sida
20 de febreiro	28 de abril	19 de xuño	- Día Internacional da Xuventude	11 de outubro	2 de decembro
- Día Mundial da Xustiza Social	- Día Mundial da Seguridade e Saúde no Traballo	- Día Internacional para a Eliminación da Violencia Sexual nos Conflitos	19 de agosto	- Día Internacional da Nena	- Día Internacional para a Abolición da Escravitude
	29 de abril	20 de xuño	- Día Mundial da Asistencia Humanitaria	15 de outubro	3 de decembro
Marzo	- Día de Conmemoración de todas as vítimas da guerra química	- Día Mundial dos Refuxiados	23 de agosto	- Día Internacional das Mulleres Rurais	- Día Internacional das Persoas con Discapacidade
1º de marzo		23 de xuño	- Día Internacional do Recordo da Trata de Escravos e da súa Abolición	16 de outubro	5 de decembro
- Día contra a Discriminación	Maio	- Día Internacional das Viúvas	30 de agosto	- Día Mundial da Alimentación	- Día Internacional dos Voluntarios
8 de marzo	15 de maio	25 de xuño	- Día Internacional das Vítimas de Desaparicións Forzadas	17 de outubro	9 de decembro
- Día Internacional da Muller	- Día Internacional da Familia	- Día da Xente do Mar	Setembro	24 de outubro	- Día Internacional para a Erradicación da Pobreza
20 de marzo	21 de maio	26 de xuño	5 de setembro	- Día das Nacións Unidas	24 de outubro
- Día Internacional da Felicidade	- Día Mundial da Diversidade Cultural para o Diálogo e o Desenvolvemento	- Día Internacional en Apoio das Vítimas da Tortura	- Día Internacional da Beneficencia	- Día Mundial de Información sobre o Desenvolvemento	
21 de marzo	29 de maio	- Día Internacional da Loita contra o Uso Indevido e o Tráfico Ilícito de Drogas	8 de setembro	Novembro	9 de decembro
- Día Internacional da Eliminación da Discriminación Racial	- Día Internacional do Persoal de Paz das Nacións Unidas		- Día Internacional da Alfabetización	10 de novembro	- Día Internacional contra a Corrupción
- Día Mundial da Síndrome de Down	Xuño	Xullo	10 de setembro	- Día Mundial da Ciencia para a Paz e o Desenvolvemento	10 de decembro
24 de marzo	1º de xuño	2 de xullo (primeiro sábado de xullo)	- Día Mundial para a Prevención do Suicidio	16 de novembro	- Día dos Dereitos Humanos
- Día Internacional do Dereito á Verdade en Relación con Violacións Graves dos Dereitos Humanos e da Dignidade das Vítimas	- Día Mundial das Nais e os Pais	- Día Internacional das Cooperativas	15 de setembro	- Día Internacional para a Tolerancia	18 de decembro
25 de marzo	4 de xuño	11 de xullo	- Día Internacional da Democracia	20 de novembro	- Día Internacional do Migrante
- Día Internacional do Recordo	- Día internacional dos Nenos Vítimas Inocentes de Agresión	- Día Mundial da Poboación			20 de decembro
					- Día Internacional da Solidariedade Humana

<http://www.un.org/es/events/familyday/>



Día Internacional da Familia
15 de maio

<http://www.un.org/es/events/parentsday/>



Día Mundial das Nais e os Pais
1 de xuño

<http://www.un.org/es/events/childvictimday/>



Día internacional dos Nenos Vítimas Inocentes de Agresión
4 de xuño

<http://www.un.org/es/events/childlabourday/>



Día Mundial contra o Traballo Infantil
12 de xuño

<http://www.un.org/es/events/elderabuse/>



Día Mundial de Toma de Conciencia de Abuso e Maltrato na Vellez
15 de xuño

<http://www.un.org/es/events/refugeeday/>



Día Mundial dos Refuxiados
20 de xuño

<http://www.un.org/es/events/widowsday/index.shtml>



Día Internacional das Viúvas
23 de xuño

Estatísticas

Distribución da poboación nova entre 15 e 29 anos


Segundo o Padrón municipal de habitantes e estatística de poboación 2015 do Instituto Nacional de Estatística, o número de persoas empadroadas en Galicia é de 2.732.347, dos que 363.591 teñen entre 15 e 29 anos.

	Total	15-19	20-24	25-29	15-29	Porcentaxes da poboación nova de 15 a 29 anos
A Coruña	1.127.196	42.180	47.976	56.826	146.982	13,0%
Lugo	339.386	11.366	14.183	17.242	42.791	12,6%
Ourense	318.391	10.941	13.225	15.433	39.599	12,4%
Pontevedra	947.374	39.073	44.471	50.675	134.219	14,2%
Galicia	2.732.347	103.560	119.855	140.176	363.591	13,3%
España	46.624.382	2.155.056	2.354.598	2.695.630	7.205.284	15,5%
UE-28	508.450.856	27.042.938	29.745.765	32.101.883	88.890.586	17,5%


Fonte: Revisión do Padrón municipal de habitantes 2015 do INE

Cifras oficiais de poboación en 1 de xaneiro de 2015


	Poboación nova de 15 a 29 anos	Distribución	Porcentaxes
Andalucía	1.436.808	19,9%	17,1%
Aragón	190.654	2,6%	14,5%
Principado de Asturias	129.137	1,8%	12,3%
Illas Baleares	182.819	2,5%	16,6%
Canarias	356.290	4,9%	17,0%
Cantabria	78.980	1,1%	13,5%
Castela e León	339.029	4,7%	13,7%
Castela - A Mancha	342.439	4,8%	16,6%
Cataluña	1.131.064	15,7%	15,1%
Comunidade Valenciana	762.317	10,6%	15,3%
Extremadura	186.558	2,6%	17,1%
Galicia	363.591	5,0%	13,3%
Comunidade de Madrid	990.381	13,7%	15,4%
Rexión de Murcia	251.063	3,5%	17,1%
Comunidade Foral de Navarra	95.440	1,3%	14,9%
País Vasco	288.123	4,0%	13,2%
A Ríoxa	45.939	0,6%	14,5%
Ceuta	16.873	0,2%	20,0%
Melilla	17.779	0,2%	20,8%
España	7.205.284	100%	15,5%



Porcentaxes da poboación nova de 15 a 29 anos



Distribución da poboación nova de 15 a 29 anos en Galicia




Evolución da poboación nova de 15 a 29 anos

A poboación moza de 15 a 29 anos de Galicia diminuíu un 33,11% en 2015 con respecto ao Padrón de 2005 ao pasar de 543.583 a 363.591.

Año	Homes	Mulleres	TOTAL
2005	275.443	268.140	543.583
2006	266.090	258.669	524.759
2007	256.370	248.388	504.758
2008	248.483	239.847	488.330
2009	239.777	231.093	470.870
2010	229.744	221.177	450.921
2011	219.414	211.458	430.872
2012	208.673	201.348	410.021
2013	198.906	192.302	391.208
2014	191.557	184.907	376.464
2015	185.125	178.466	363.591

Fonte: Revisión do Padrón municipal de habitantes 2015 do INE



Proxeccións da poboación nova de 15 a 29 anos. 2016-2029. Galicia

Año	Homes	Mulleres	TOTAL
2016	181.194	173.919	355.112
2017	177.909	170.376	348.280
2018	174.840	167.307	342.148
2019	173.015	165.287	338.302
2020	171.634	163.717	335.351
2021	170.961	162.906	333.868
2022	170.639	162.538	333.178
2023	170.540	162.469	333.008
2024	171.416	163.135	334.551
2025	172.781	164.293	337.078
2026	174.174	165.267	339.443
2027	175.495	166.141	341.633
2028	176.335	166.795	343.131
2029	176.315	167.003	343.320


Fonte: Proxeccións da poboación 2014-2029 do INE

Estatísticas

Abandono temperán da educación-formación. 2015

Porcentaxe de poboación entre 18 e 24 anos (ambos inclusive) que non completou o nivel de educación secundaria segunda etapa e non segue ningún tipo de formación (regrada ou non regrada). As categorías incluídas no cálculo do indicador son: analfabetos, educación primaria, formación e inserción laboral que non precisa título de primeira etapa de secundaria, primeira etapa de educación secundaria, formación e inserción laboral que precisa título de primeira etapa de secundaria e garantía social/ iniciación profesional. Fonte: IGE/INE. Enquisa de poboación activa.

	Homes	Mulleres	TOTAL
Galicia	21,9	11,9	17
España	24,3	16,1	20,3
UE-28	12,3	9,5	10,9



Abandono temperán da educación-formación por comunidade autónoma, sexo e ano. 2015

	Homes	Mulleres	TOTAL
Andalucía	1.436.808	19,9%	17,1%
Aragón	190.654	2,6%	14,5%
Principado de Asturias	129.137	1,8%	12,3%
Illas Baleares	182.819	2,5%	16,6%
Canarias	356.290	4,9%	17,0%
Cantabria	78.980	1,1%	13,5%
Castela e León	339.029	4,7%	13,7%
Castela - A Mancha	342.439	4,8%	16,6%
Cataluña	1.131.064	15,7%	15,1%
Comunidade Valenciana	762.317	10,6%	15,3%
Extremadura	186.558	2,6%	17,1%
Galicia	363.591	5,0%	13,3%
Comunidade de Madrid	990.381	13,7%	15,4%
Rexión de Murcia	251.063	3,5%	17,1%
Comunidade Foral de Navarra	95.440	1,3%	14,9%
País Vasco	288.123	4,0%	13,2%
A Ríoxa	45.939	0,6%	14,5%
Ceuta	16.873	0,2%	20,0%
Melilla	17.779	0,2%	20,8%
España	7.205.284	100%	15,5%

Enquisa de poboación activa (EPA)

A Enquisa de poboación activa (EPA) é unha investigación continua e de periodicidade trimestral dirixida ás familias, realizada polo INE dende 1964, sendo a metodoloxía vixente na actualidade a de 2005.

A súa finalidade principal é obter datos da forza de traballo e das súas diversas categorías (ocupados, parados), así como da poboación allea ao mercado laboral (inactivos).

A mostra inicial é dunhas 65.000 familias ao trimestre que equivalen aproximadamente a 180.000 persoas.

Os datos correspondentes á poboación activa, ocupada, parada e inactiva en Galicia e España no 1º trimestre de 2016, expresados en miles de persoas, son os seguintes:

	Total	Activos	Ocupados	Parados
A Coruña	970,8	526,7	441,8	84,9
Lugo	296,9	157,5	131,4	26,0
Ourense	277,4	129,0	102,2	26,9
Pontevedra	806,0	435,8	345,7	90,1
Galicia	2.351,1	1.249,0	1.021,1	227,9
España	38.491,9	22.821,0	18.029,6	4.791,4


Fonte: EPA 1º trimestre 2016 do INE

Variación interanual

Poboación de 16 anos e máis segundo a súa relación coa actividade laboral e sexo. EPA 1º trimestre 2016 con respecto á EPA 1º trimestre 2015 (miles de persoas).

	Total	Activos	Ocupados	Parados
Ambos os dous sexos				
2016T1	2.351,10	1.249,00	1.021,10	227,9
2015T1	2.361,60	1.263,20	987,5	275,7
Homes				
2016T1	1.125,50	650,8	536,2	114,6
2015T1	1.130,60	665,2	522,3	142,9
Mulleres				
2016T1	1.225,70	598,2	484,9	113,3
2015T1	1.231,00	598	465,2	132,8

Fonte: EPA 1º trimestre 2016 do INE



A distribución dos ocupados, parados, taxa de paro e taxa de emprego por comunidades autónomas é a seguinte:

	Ocupados (*)	Parados (*)	Taxa de emprego	Taxas de paro
Andalucía	2.814,3	1.189,2	40,9	29,7
Aragón	548,3	98,9	50,1	15,3
Asturias	375,4	90,9	41,3	19,5
Illes Balears	491,1	110,8	52,2	18,4
Canarias	811,8	285,2	45,2	26,0
Cantabria	222,1	51,8	45,2	18,9
Castela-A Mancha	932,8	209,4	44,8	18,3
Castela e León	733,2	250,3	43,6	25,5
Cataluña	3.127,6	660,0	51,4	17,4
Valencia	1.892,8	529,0	46,2	21,8
Extremadura	357,5	147,0	39,3	29,1
Galicia	1.021,1	227,9	43,4	18,2
Madrid	2.817,0	569,4	53,4	16,8
Murcia	542,0	153,8	45,8	22,1
Navarra	262,8	43,7	50,4	14,3
País Vasco	896,8	131,6	49,6	12,8
A Rioxa	130,3	21,9	50,3	14,4
Ceuta	28,1	10,0	43,4	26,2
Melilla	24,4	10,8	39,4	30,7
TOTAL	18.029,6	4.791,4	46,8	21,0

(*) en miles de persoas

A distribución das taxas de paro por sexo en Galicia e España é a seguinte:

	Total	Homes	Mulleres
A Coruña	16,1	15,4	16,9
Lugo	16,5	15,1	18,1
Ourense	20,8	19,9	21,8
Pontevedra	20,7	20,5	20,9
Galicia	18,24	17,60	18,94
España	21,00	19,45	22,78


Fonte: EPA 1º trimestre 2016 do INE-IGE

A distribución das taxas de emprego por sexo en Galicia e España é a seguinte:


	Total	Homes	Mulleres
A Coruña	45,5	49,9	41,5
Lugo	44,3	48,4	40,4
Ourense	36,8	38,5	35,3
Pontevedra	42,9	47,9	38,3
Galicia	43,43	47,64	39,56
España	46,84	52,55	41,42

Fonte: EPA 1º trimestre 2016 do INE-IGE

Taxas de paro por comunidades autónomas:



Evolución ocupados, parados e taxas de paro:



Taxas de paro poboación de 16 a 29 anos. 2015

Fonte: IGE/INE. Enquisa de poboación activa. Eurostat (Youth unemployment rate by sex, age and country of birth)

	Homes	Mulleres	TOTAL
Galicia	32,1	31,9	32,2
España	36,7	35,5	36,1
UE-28	16,2	15,1	15,7

Taxas de paro por distintos grupos de idade. EPA 1º trimestre 2016 do INE-IGE

	Total	Menores de 25 anos	De 16 a 19 anos	De 20 a 24 anos
Ambos os dous sexos				
Galicia	18,24	43,35	60,53	40,84
España	21,0	46,5	64,12	43,26
Homes				
Galicia	17,6	39,27	56,69	36,67
España	19,45	45,66	66,16	41,53
Mulleres				
Galicia	18,94	47,84	64,9	45,4
España	22,78	47,49	61,24	45,23

ALERTAS BIBLIOGRÁFICAS

• **Revista de Estudios de la Juventud. ISSN: 0211-4364. NIPO: 684-15-005-X**

Editada polo Injuve, esta revista é unha publicación de grande utilidade para coñecer os problemas e inquedanzas da mocidade e tratar de achegar solucións . Desde o núm. 57, esta publicación pode consultarse integramente na internet. Cada núm. trata sobre os fenómenos que máis afectan os nosos mozos na actualidade, desde unha perspectiva científica e social.

O último número publicado, o 109 (2015), está dedicado a: xuventude global: identidades e escenarios de actuación en clave cosmopolita

• **Desigualdad invisible. Análisis comparativo entre adolescentes en riesgo de exclusión social y resto de estudiantes de la ESO. Informe de resultados, septiembre 2015.**

2ª ed. do estudo *El futuro comienza hoy* sobre las expectativas e actitudes de estudantes españois da ESO.

http://www.fundacionadsis.org/desigualdadinvisible/estudio-completo-es-2015_5828.pdf

Editado pola Fundación Adsis trata dun estudo comparativo entre adolescentes en risco de exclusión social elaborado a partir de enquisas a estudantes dos IES públicos que colaboraron neste estudo.

• **Encrucijadas: Revista Crítica de Ciencias Sociales. ISSN-e: 2174-6753**

Publicación de periodicidade semestral editada por mozos e investigadores vencellados á Universidade de Salamanca. Pretende ser un punto de encontro entre profesores e estudantes e persoas de distinta procedencia para debater e dialogar desde perspectivas críticas as distintas realidades que están marcando e determinando o futuro do social.

Vén de publicarse o núm. 10 (2015) dedicado á: Saúde, diversidade funcional e dependencia.

A revista editase cunha licenza Creative Commons e pódese acceder aos textos completos neste enlace:

<http://www.encrucijadas.org/index.php/ojs>

• **Revista TSH. Trabajo Social Hoy / Colegio Oficial de Trabajadores Sociales de Madrid**

<http://www.trabajosocialhoy.com/>

ISSN 1134-0991 / ISSN-e 2340-2539. Journal DOI:

<http://dx.doi.org/10.12960>

Revista profesional que ten como principal finalidade a difusión de estudos científicos e experiencias profesionais relacionados co Traballo Social. A divulgación dos seus contidos está enfocada cara unha rede de

conexión internacional que permita suscitar debates plurais e o intercambio de experiencias e información relacionada coa profesión. Desde 2004 está dispoñible en formato dixital.

Os artigos poden descargarse en pdf e na 1ª páxina de cada artigo aparece como citar o artigo para aqueles autores que o referencien nas súas publicacións.

• **Revista Sociedad y Utopía. ISSN: 2254-724X**

É unha revista de Ciencias sociais editada pola Fundación Pablo VI de periodicidade semestral que aborda diferentes temáticas, entre elas a do traballo Social. Publícase desde 1993.


Pinchando en Temas e sobre unha materia concreta relaciónanse os artigos de revista que saíron sobre o tema requirido.

O último número, o 45-46, publicouse en decembro de 2015.

<http://www.sociedaduyutopia.es/index.php/presentacion>

• **SIIS. Fundación Eguía-Careaga. Centro de Documentación y Estudios**

<http://www.siiis.net/es/>



O SIIS, Centro de Documentación e Estudos, xorde en 1972 no seo da Fundación Eguía Careaga, como resposta a un importante déficit na difusión de información científico-técnica existente no ámbito do social. Constitúese como unha ferramenta para a mellora das políticas de integración social, da organización dos servizos sociais e da práctica dos profesionais da acción social.

A través do seu menú de Publicacións accédese aos seus boletíns temáticos (Xeral, Discapacidade, Adición, Maiores, Inclusión, Infancia e Xuventude, Xénero e Familia, Acción social e Terceiro sector). Cunha periodicidade quincenal, infórmanos sobre novas publicadas na prensa, axenda, normativa e novidades bibliográfica das que, ás veces, se permite a súa descarga a texto completo.

Durante os meses de marzo e abril publicáronse os boletíns seguintes: SIIS

- Boletín de acción social: nºs 249, 250, 251, 252

- Boletín de exclusión social: nºs. 249, 250, 251, 252

- Boletín de género y familia: nºs 249, 250, 251, 252

- Boletín de infancia y juventud nºs 249, 250, 251, 252

- Boletín de personas con discapacidad: nºs 249, 250, 251, 252

- Boletín de personas mayores: nºs 249, 250, 251, 252

- Boletín Tercer sector, nº 128, 129

INSTITUCIONES

• **Consejo de la Juventud de España**

<http://www.cje.org/eu/que-es-cje/>



O Consejo de la Juventud de España (CJE) é unha plataforma de entidades xuvenís formada polos consellos de Xuventude das comunidades autónomas e organizacións xuvenís de ámbito estatal. O seu fin é propiciar a participación da xuventude no desenvolvemento político, económico e cultural no Estado para acadar unha plataforma plural que fomente a reflexión e o intercambio de ideas en aras dunha mellor calidade de vida.

OBJECTIVOS

- Colaborar cos axentes sociais para acadar unha política xuvenil global que dea resposta aos problemas e inquedanzas da nosa mocidade.
- Fomentar a participación e o asociacionismo xuvenil
- Sensibilizar a opinión pública
- Realizar estudos e investigacións
- Representar a mocidade nos organismos internacionais de xuventude
- Prestar servizos e apoio ás entidades xuvenís, etc.

Premendo nos menús Publicacións e Documentación accédese aos distintos documentos a texto completo.

• **Federación Española de Sociología**

<http://www.fes-sociologia.com/congresos-reuniones-y-encuentros/cat/18/>

A FES é a sociedade científica da socioloxía española que congrega a máis de 3.000 sociólogos españois. Ten como principais funcións a realización de eventos de carácter científico ou académico, a creación de grupos de traballo que faciliten a utilización do coñecemento sociolóxico, a formación especializada, a organización de actividades de divulgación, a realización de publicacións relacionadas con esta temática, exercer funcións de representación internacional da socioloxía española, organización do –Congreso Español de Socioloxía e defender a presenza da disciplina sociolóxica nos ámbitos científicos educativos e laborais.

• **Instituto Foral de Bienestar Social**

http://www.araba.eus/cs/Satellite?c=Page&cid=500000257722&pagename=IFBS%2FPage%2FIFBS_subhome

O Instituto Foral de Benestar Social é un organismo autónomo, adscrito ao Departamento de Servizos Sociais da Deputación Foral de Araba/Álava. Dotado de personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, xestiona os servizos sociais de competencia foral no ámbito do territorio histórico de Araba/Álava. Desenvolve e xestiona toda a actividade directa dos servizos que integran a rede pública de atención, ao tempo que regula a intervención da iniciativa privada, con ou sen ánimo de lucro, no ámbito dos servizos sociais, definindo as fórmulas de colaboración na prestación de servizos, ben a través de mecanismos de convenios e acordos de colaboración, ou ben mediante a concertación e contratación da xestión de servizos e actividades relacionadas co Catálogo foral de servizos e prestacións sociais.

O Instituto conta cun centro de documentación que mantén e xestiona toda a documentación relacionada cos servizos sociais. Realiza as tarefas de busca e selección de información, tratamento documental e difusión da información a profesionais, institucións ou organizacións que traballen no ámbito da intervención social.

Contacto: tmoren@araba.eus

• **Ajuntament de Barcelona. La Red de Servicios Sociales**

http://w110.bcn.cat/portal/site/ServeisSocials/menuitem.931633495bcd-6167b4f7b4f7a2ef8a0c/?vgnextoid=9f95d6513697d210VgnVCM10000074fea8c0RCRD&vgnextchannel=9f95d6513697d210VgnVCM10000074fea8c0RCRD&lang=es_ES

Os servizos sociais en Barcelona

Nesta páxina web atópase a información necesaria para coñecer que son, como están organizados e que recursos ofrecen os servizos sociais da cidade de Barcelona. No apartado de Documentación Servizos Sociais pódese acceder a documentos temáticos, tanto de produción propia como proveniente de fontes externas, relacionados coas diversas tipoloxías de situacións que se atenden nos servizos sociais.

Así mesmo, incorpóranse diferentes webs temáticas relacionadas cos servizos sociais que poden ser de interese para persoas afectadas, profesionais e para a cidadanía en xeral.

Xornadas e congresos de próxima realización

- **VI Congreso de la Red Española de Política Social (REPS). “Pactar el futuro. Debates para un nuevo consenso en torno al bienestar”. 16 e 17 de febreiro de 2017. Universidad Pablo Olavide de Sevilla.**

Páxina oficial do congreso: <http://reps-sevilla.com/>

Os días 16 e 17 de Febreiro de 2017 terá lugar en Sevilla o VI Congreso da Red Española de Política Social (REPS) no marco de Espanet-Europe (The European Network for Social Policy analysis).

O VI congreso, organizado pola Universidad Pablo de Olavide, preséntase como unha nova oportunidade para o intercambio e a aprendizaxe do coñecemento en políticas sociais.

- **Congreso Internacional. XXIX Seminario Interuniversitario de Pedagogía Social. Pedagogía Social, juventud y transformaciones sociales**

Girona, 14-16 de setembro de 2016

http://eventum.upf.edu/event_detail/2141/detail/congres-pedagogia-social-juventut-i-transformacions-socials.html

Este congreso propónse reflexionar e formular propostas concretas que permitan avanzar na reflexión sobre a xuventude, os programas e servizos dirixidos a estes colectivos e o seu papel nas transformacións sociais. Polo tanto, cuestións relacionadas coa xuventude, a pedagogía social e as transformacións sociais serán motivo de reflexión e análise neste congreso.

- **XII Congreso Español de Sociología.**

<http://www.fes-sociologia.com/xii-congreso-espanol-de-sociologia/congress/12/>

Organizan: Asociación Asturiana de Sociología, Departamento de Sociología da Universidad de Oviedo e Federación Española de Sociología. 30 de xuño, 1 e 2 de xullo de 2016

A FES organiza o XII Congreso Español de Sociología cun duplo obxectivo: por un lado, ser o foro para presentar a mellor e máis variada investigación sociolóxica producida en España; por outro lado, ofrecer o espazo adecuado para que o espectro máis amplo de persoas conectadas á socioloxía (enseñantes, investigadores, profesionais e estudantes), se atopen, intercambien e progresen sobre todos os asuntos do seu interese profesional.

- **VII Congreso Internacional de Ciencias Sociales, Humanidades y Salud**

Realizarase principalmente en formato en liña, do 7 ao 21 de outubro de 2016, en:

<http://congresosonline.wix.com/online>

De forma presencial, este congreso terá lugar no Centro de Investigación en Ciencias Médicas da Universidad Autónoma do Estado de México en Toluca, Estado de México, México, o 19 e 20 de outubro de 2016

- **VIII Congreso de la Sociedad Navarra de Geriátría y Gerontología y XV Congreso de la Asociación Vasca de Geriátría y Gerontología (Zahartzaroa)**

“Cuidar: Ciencia y Conciencia”. Pamplona, 5-7 de maio 2016. Upna. Edif. Ciencias de la Salud

<https://tisa.teventos.com/zahartzaroa/es/bienvenida>

O lema elixido para o congreso é: “Coidar: Ciencia e Conciencia”. Coidar é protexer a persoas dependentes, querer conservar os seus gustos pero tamén as súas funcións, e respectar e preservar os seus desexos e as súas vontades... Colaboran profesionais de prestixio internacional que comparten unha visión transversal e global da atención aos nosos maiores e trátanse temas como o manexo da dor, a polifarmacia ou a nutrición, o envellecemento activo asociado á calidade de vida, a innovación en novos modelos asistenciais , etc.

- **SEMINARIO INTERNACIONAL. Éxito, fracaso y abandono escolar: factores políticos, institucionales y subjetivos.**

Universidad Autónoma de Barcelona, Facultad de Ciencias Políticas y Sociología. 12-13 mayo 2016, Barcelona

<http://abjoves.es/seminario/>

O obxectivo do seminario é reflexionar sobre os procesos de éxito, fracaso e/ou abandono escolar que caracterizan os sistemas educativos europeos contemporáneos, tendo en conta tanto factores políticos como institucionais ou subxectivos.

- **EAPN-Galicia. Rede galega de loita contra a pobreza**

<http://eapn-galicia.com/quen-somos/xunta-directiva/>

A Rede Galega contra a Pobreza é unha entidade non lucrativa e de acción social que agrupa a entidades autonómicas do terceiro sector implicadas na loita contra a pobreza e a exclusión a través da defensa dos dereitos dos colectivos en risco e da súa participación comunitaria plena.

EAPN Galicia nace en setembro de 2008 como resposta natural á necesidade de crear unha ferramenta de intervención social capaz de elaborar estratexias que incidan nas políticas sociais desenvolvidas en Galicia. Especialmente resulta un instrumento útil e eficaz na contribución da loita contra a pobreza e a exclusión social e defende as propostas e preocupacións das persoas que forman parte das entidades que integran a Rede galega de loita contra a pobreza.

No menú Documentos pódese acceder tanto a informes e documentos elaborados pola propia asociación como a outros doutras entidades.

EAPN-Galicia forma parte tamén da European Anti Poverty Network, Rede no nivel europeo que leva traballando de modo independente dende 1990, e está integrada en EAPN España.

- **Consejo General del Trabajo social**

<http://www.cgtrabajosocial.es>

O Consejo General del Trabajo Social é o órgano representativo, coordinador e executivo dos 36 colexios oficiais de Traballo social no territorio estatal que vela polo correcto exercicio da profesión e pola defensa dos dereitos fundamentais dos cidadáns. A través do Menú Revistas e publicacións, Hemeroteca accédese a publicacións en aberto.

Editan a revista dixital Servicios Sociales y Política social desde 1984. O último número publicado é o nº 109 Trabajo Social en contextos de privación de liberdade. Tercer cuatrimestre 2015. Ata o núm. 105 accédese en aberto.

Entre as súas actividades está a organización de congresos internacionais. O último, o II Congreso Internacional de Traballo Social, tivo lugar do 20 ao 22 de abril de 2016. Baixo o lema Respostas transdisciplinares nunha sociedade global, as temáticas do Congreso xiraron sobre o Traballo social como disciplina científica e a súa relación coas disciplinas presentes no Traballo Social, o seu papel e achegas en materia de innovación social e a aplicación do dereitos humanos nos procesos de intervención na realidade social.

Desde o menú Áreas de intervención pódese acceder a distintos informes en áreas como servizos sociais, maiores, dependencia e outros

Destacan os informes e documentos elaborados polo propio consello. Os dous últimos publicados: Análisis de los programas para las elecciones generales del 20D que analiza as distintas propostas electorais dos partidos políticos respecto dos servizos sociais e Elecciones generales 2015. propostas desde el trabajo social, no que o Consello lembra aos partidos políticos e á sociedade, os puntos esenciais que deberían ter as futuras políticas xerais en materia de servizos sociais.

<http://www.cgtrabajosocial.es/documentos#>

Outros enderezos de interese

Tamén resulta interesante a publicación en decembro de 2015 do II Informe sobre los Servicios Sociales en España (ISSE II) no que se incide na valoración dos profesionais sobre a xestión da crise e os colectivos máis afectados ou sobre a Lei 20/2013 de racionalización e sustentabilidade da Administración local, entre outros temas.

<http://www.cgtrabajosocial.es/publicaciones/ii-informe-sobre-los-servicios-sociales-en-espana-is-se-ii/83/view>

- **Asociación Estatal de Directores y Gerentes de Servicios Sociales de España**

A Asociación Estatal de Directores y Gerentes de Servicios Sociales de España foi constituída en 1994 para responder as demandas de modernidade, racionalidade, eficacia e calidade dun sector en desenvolvemento como os servizos sociais. A asociación está implantada en todo o territorio nacional e conta con delegacións nas distintas comunidades autónomas. Agrupa máis de 200 profesionais de distintas áreas, con experiencia e formación especializada que ocupan postos de responsabilidade nas institucións, centros ou servizos do sector.

A Asociación ten como finalidade propoñer ideas e solucións creativas á administración e ás empresas do sector e asesorar profesionais en materia de servizos sociais.

Organiza eventos, o último en febreiro de 2016 sobre a presentación do Observatorio da dependencia 2016. Trátase dunha análise sincrónica e diacrónica do Sistema de atención á dependencia en España e por comunidades autónomas. Ademais do informe estatal preséntase por cada comunidade un informe coa evolución dos datos básicos de xestión da atención á dependencia cos gráficos máis significativos.

Elaboran documentos que se poden descargar en pdf sobre temas de calidade, dependencia, familias e crise, Emprego, Persoas sen fogar, Leis de servizos sociais . Entre os últimos destacan:

<http://www.directoressociales.com/documentos/novedades-en-discusi%C3%B3n.html>

Servicios sociales y sanitarios. el valor de lo público

XVI dictamen del observatorio de la ley 39/2006 de promoción de la autonomía personal y atención a las personas en situación de dependencia

Escala del XVI dictamen del observatorio de valoración territorial de desarrollo de la ley de promoción de la autonomía personal y atención a las personas en situación de dependencia.

Dictamen del observatorio 2016 .evolución 2011-2015 de los datos básicos de gestión de la atención a la dependencia y costes de financiación del sistema por comunidades autónomas

Informe sobre el Estado Social de la Nación, 2015 : ¿Y si ya hemos salido de la crisis?

<http://www.pensamientocritico.org/gusgar0515.pdf>

Catálogo de publicacións na web



**BdB. Boletín Informativo de
Política Social, n.º 0 (xaneiro-
febreiro 2016). ISSN-e: 2445-
1932.**

Novo boletín informativo de periodicidade bimestral elaborado pola Sección de Publicacións e Estatísticas da Secretaría Xeral Técnica. Estrutúrase en varias seccións: Actualidade, Estatísticas, Alertas bibliográficas e Normativa e ten como principal obxectivo informar sobre as actuacións máis salientables da Consellería no seu ámbito competencial e a información e formación dos seus usuarios.

► Accesso:

<https://libraria.xunta.gal/gl/bdb-boletin-de-benestar-boletin-informativo-de-politica-social-num-0-xaneiro-febreiro-2016>

<https://libraria.xunta.gal/gl>



Manual de pautas do coidado e estimulación no fogar de menores en situación de dependencia

Publicado pola Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade este manual pon á disposición de coidadores de persoas menores en situación de dependencia ferramentas e técnicas orientadas a axudar e favorecer o desenvolvemento persoal e a potenciar as habilidades do menor na busca de acadar as meirandes cotas de autonomía persoal.

► **Accesso:**

<https://libraria.xunta.gal/gl/manual-de-pautas-do-coidado-e-estimulacion-no-fogar-de-menores-en-situacion-de-dependencia>



Xuventude Crea. Premios 2015

Publicación dos premiados no certame de creadores novos Xuventude Crea 2015 que convoca a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado. Consta de notas biográficas dos premiados nas once especialidades, así como de fotografías dos autores e das obras gañadoras.


► **Accesso:**

<https://libraria.xunta.gal/gl/xuventude-crea-programa-2016>

Publicacións editadas ou de próxima aparición:

Tamén se editaron os seguintes carteis, folletos e dípticos divulgativos sobre programas desenvolvidos por esta consellería:

- Benestar en balnearios, 2016
- Acción de verán, 2016
- Campamentos de verán específicos para persoas con discapacidade, 2016
- Día Europeo de Información Xuvenil. Xornada Xuventude e Igualdade
- Interactuando no tempo libre
- Teléfono social
- Xuventude Crea 2016 (cartel)



DOG

Diario Oficial
de Galicia

- | | | |
|--|---|---|
